

INFORMACIÓN SOBRE AS MATERIAS DE FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA E FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA EN 1º E 2º DE BACHARELATO:

FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA:

No IES Concepción Arenal, o alumnado de Bacharelato ten a posibilidade de estudar francés como 1ª lingua (3 horas semanais ambos cursos). As vantaxes de facelo consisten en que o grupo é moi reducido (entre cinco e dez persoas) e o proveito da materia pode ser máis individualizado e moito maior que en grupos máis numerosos.

Vai destinado a alumn@s que cursaron os catro anos de ESO e que, principalmente, prefiren este idioma para seguir os estudos.

A materia irá enfocada ás probas de ABAU 1ªLE Francés. Prepararemos especialmente a gramática esixida, a produción escrita (redacción), a comprensión de textos variados así como a comprensión oral de conversas de distinta índole. Pero tamén descubriremos aspectos da cultura francesa, novas de actualidade, a súa música tradicional e actual, e o seu cine.

Aquí vos deixamos un enlace con mostras da proba de ABAU:

https://ciug.gal/PDF/examesabauanosanteriores/probas/2019/ABAU_2019_frances.pdf

https://ciug.gal/PDF/examesabauanosanteriores/probas/2020/ABAU_2020_Frances12.pdf

O nivel final que se pretende adquirir é o nivel B1 (usuario independente)

FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA:

O alumnado que curse Francés 2ª LE terá 2 horas semanais en 1º de bacharelato e 3 horas en 2º de bacharelato.

Recoméndase ter os 4 cursos de francés da ESO pero non é obrigatorio, xa que a materia retoma conceptos vistos en 3º de ESO e 4º de ESO. O nivel que se vai adquirir é un A2, comezos de B1 (usuario básico, entrando en independente). Por esta razón, o alumnado ten que ter unha base de francés.

A materia axudará ao alumnado a desenvolverse na LE en diversas situacións cotiás tanto na escrita como no oral, e a descubrir aspectos diversos da cultura francesa, así como a súa música e cine. O grupo de francés non soe ser moi numeroso (de 10 a 20 alumn@s) así que as clases resultan de gran proveito para o alumnado.

Aqueles alumn@s que amosen facilidade no idioma poderán presentarse na fase opcional das ABAU á proba de 2ª lingua estranxeira. Aquí vos deixamos un enlace coas probas de cursos pasados:

https://ciug.gal/PDF/examesabauanosanteriores/probas/2019/ABAU_2019_frances2.pdf

https://ciug.gal/PDF/examesabauanosanteriores/probas/2020/ABAU_2020_Frances62.pdf

Se aínda tedes dúbidas, podedes consultar a calquera das profesoras de Francés do centro. Estaremos encantadas de atendervos.

En ambas modalidades, os alumnos poden ter a posibilidade de presentarse aos exames oficiais do DELF. Para máis información, consultade a páxina:

<https://afcoruna.com/examenes-oficiales/>